



ACTA Nº 2022/3

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., venres 25 de febreiro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE. APLICACIÓN ZOOM.
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBÉN VILLAR AGULLEIRO EMILIA TRILLO LOJO JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO RAMÓN VIGO SAMBADE PILAR IGLESIAS LEMA CARMEN DÍAZ FREIRE AGUEDA DÍAZ MEJUTO MARÍA VICTORIA AREAS POSE SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO CESAR PÉREZ MARTÍNEZ JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO INTERVENTORA ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	AUSENTE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2022.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por 3 abstencións do grupo político IXCee e 9 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

II. Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 8 de febreiro de 2022.

Sométese á votación o borrador resulta aprobado por 5 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sr Vigo di: creo que nos confundimos por haber duas sesións porque foi nesta na que non estivemos e na outra si, vamos absternos agora e a outra abstención queda rexistrada pero esta era realmente a sesión porque non estivemos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

2. Declaración Institucional: 8 de marzo, día Internacional das Mulleres.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 21 de febreiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Declaración Institucional: 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DASE MULLERES.

“EXPEDIENTE Nº: 2022/G010/000003

ASUNTO:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Como ben sabedes xa, hoxe é un día para a conmemoración, a denuncia e a reivindicación da igualdade real entre mulleres e homes en todas as ordes da vida. A igualdade de xénero non debe ser concebida solamente como un dereito consagrado na nosa Constitución senón que debe ser algo máis, unha convicción ideolóxica, un deber cidadán, unha expresión cultural, unha filosofía de vida, un valor social imprescindible. Non pode haber unha democracia perfecta nin unha sociedade xusta sen a igualdade de xénero entre a muller e o home. E gustárame recordar aquí unha frase de Clara Campoamor, quen dixo que *“o nivel de civilización ao que chegaron as diversas sociedades humanas está en proporción á independencia da que gozan as mulleres”*

No noso día a día hai situacións que son fruto das loitas levadas a cabo por moitas mulleres valentes a pesar das dificultades coas que se atoparon: o dereito ó voto, o dereito a unhas condicións de traballo dignas. Non podemos esquecer que precisamente o xermen deste 8 de marzo foron as reivindicacións en reclamo do dereito ao voto da muller, e tamén a morte de 129 mulleres traballadoras nunha fábrica textil de Estados Unidos en 1908. Polo tanto, todo o noso recoñecemento e gratitude a esas mulleres loitadoras que foron abrindo camiño para unha sociedade máis xusta.

Pero pese a tódolos avances, hoxe en día seguimos a ter motivos para a celebración desta data. A muller segue a ser obxecto de todo tipo de discriminacións e violencias nos ámbitos máis diversos. A invisibilización do traballo das mulleres, as diferencias salariais, o desemprego e a precariedade laboral, a desigualdade no reparto das tarefas domésticas, as dificultades de conciliación familiar e laboral... son unha boa mostra de todo o camiño que queda por percorrer e da súa dificultade...

Nesta loita non se precisa de heroes nin de heroínas, pero sí necesitamos voces que expliquen a importancia do rol da muller como pilar fundamental desta sociedade, voces que denuncien a



discriminación a que é sometida, e no peor dos casos, a violencia diaria coa que ten que vivir. Voces que reclamen o respecto á súa integridade física e a dignidade persoal.

E o Concello de Cee comprométese a ser unha desas voces, decindo alto e claro que a igualdade é sinónimo de democracia. Queremos unha sociedade na que prime o respecto mutuo.

E comprometémonos a traballar de forma constante, ó longo dos 365 días do ano. Non hai que esquecer que os grandes triunfos lógranse con pequenos e consistentes esforzos, sen rendirse.

E para rematar, unha frase que engloba a filosofía desta "loita" : Empeza facendo o necesario, despois o posible e de repente encontraraste facendo o imposible.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Margarita Lamela Louzán.

Alcaldesa do Concello de Cee."

Sométese á votación a Declaración Institucional e resulta ditaminada favorablemente por unha abstención do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

A Sra Trillo Lojo procede a lectura da declaración.

-----INTERVENCIONS-----

Non se producen.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Declaración e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS.

3. Proposta da alcaldía relativa á designación de defensa e representación no PO 24/2022. Expediente Nº 2019/X999/000120.

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 21 de febreiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á designación de defensa e representación no PO 24/2022. Expediente Nº2019/X999/000120.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DESIGNACIÓN DE DEFENSA E REPRESENTACIÓN NO PO 24/2022.

EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000120.

Con data 18 de febreiro de 2022, con NRE 380 tivo entrada neste concello o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña, en relación co procedemento ordinario Nº 24/2022, que expresa, en parte:

Conforme a lo acordado en resolución de esta fecha dictada en el recurso contencioso administrativo con los datos al margen, interpuesto por SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S-L. contra



Exp. 2022/G010/000003

resolución de esa Administración (contra acuerdo plenario de fecha 9 de diciembre de 2021) y en cumplimiento de lo dispuesto en los Arts. 48 de I-a LJCA, siendo necesarios el/los expediente/s que motivaron la/as resolución/ones impugnada/s, solicito a V. I.:

-Ordene la remisión a este órgano judicial de aquel/aquellos a que se refiere el acto impugnado, en el plazo improrrogable de veinte días, o bien copia autenticada del mismo, debidamente foliado, interesándole, de conformidad con lo dispuesto en el Art. 49 de la LJCA, que la resolución administrativa que se dicte a tal fin se notifique, en los cinco días siguientes a su adopción, a cuantos aparezcan como interesados en dicho expediente, enplazándoles para que puedan personarse como demandados ante este órgano judicial en el plazo de nueve días.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Que o concello se persoe no procedemento referido perante o devandito Xulgado, exercitando a súa defensa e representación por medio de calquera letrado asesor xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Que se dea cumprimento ao requirido polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña e se lle remita copia do expediente interesado debidamente foliado e autenticado, conforme ao disposto no artigo 48.4 da Lei 29/1998 de 13 de xullo.

TERCEIRO.- Darlle traslado do presente acordo ao Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña, e a Asesoría Xurídica da Excm. Deputación.
En CEE, na data da sinatura electrónica.
A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán"

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo político PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, simplemente é a designación ao servizo xurídico da deputación da Coruña para o recurso contencioso presentado pola empresa Servicios dos Concellos Galegos.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

4. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

I. Da Nº 68/2022 do 24 de xaneiro á Nº 174/2022 do 21 de febreiro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Quedan enterados/as.

5. Dar conta do escrito asinado o 8 de febreiro de 2022 por D^a Agueda Díaz Mejuto e D^a Victoria Areas Pose, relativo á portavocía do grupo político PP.

Quedan enterados/as.

6. Mocións de urxencia.

O Sr Domínguez Louro, presenta a **MOCIÓN EN APOIO ÁS MOBILIZACIÓN FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES**, a razón ou xustificación da urxencia é a de sempre, a única maneira de presentar mocións, entón por iso a traemos así.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos asistentes.

Procédese a lectura:

MOCIÓN EN APOIO ÁS MOBILIZACIÓN FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES

Exposición de motivos:

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprese cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento “Ni una menos” após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros tanto produtivos, como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza límitase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumplir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumplidas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumplidos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumplido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de



maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5º Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.

Sométese á votación a moción e resulta aprobada por 2 abstencións do grupo político PP e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión plenaria.

O Sr Hermida Fandiño introduce a moción **RELATIVA A CONDENA DA VIOLENCIA COMO MECANISMO PARA INFLUIR NA VIDA PÚBLICA MUNICIPAL**, di que a urxencia e xustificación é pola gravidade dos feitos recibidos hacia min, como é o primeiro pleno ordinario onde se poden tratar as mocións dende o último feito recibido.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos asistentes.

O Sr Hermida Fandiño procede a lectura da moción RELATIVA A CONDENA DA VIOLENCIA COMO MECANISMO PARA INFLUIR NA VIDA PÚBLICA MUNICIPAL:

Nos últimos meses o Concelleiro do Partido Ciudadanos Juan Ramón Hermida Fandiño foi obxecto dunha campaña de difamación e ameazas co obxectivo de que abandone a súa acta como concelleiro consistentes en:

1. Na primeira semana de novembro do pasado ano remitiuselle por correo ordinario unha carta anónima o seu domicilio contendo unha bala e co mensaxe en letra de impreta de "RETÍRATE DE LA POLÍTICA. 1º AVISO SINO UN MIEMBRO DE TU FAMILIA PAGARÁ LAS CONSECUENCIAS".
2. Posteriormente o 13 de decembro pasado iniciouse unha campaña pública de difamación mediante a colocación anónima de pasquins en diversos vehículos estacionados na localidade de Cee co rótulo "EL PAIS NO SE ARREGLA HABLANDO MAL DE LOS POLÍTICOS CORRUPTOS, SINO DEJANDO DE VOTAR POR ELLOS" tildando de "corrupto" a Juan Ramón Hermida Fandiño.
3. Dita acción de difamación tivo a súa continuidade o día 17 de decembro mediante a aparición de diversas pintadas nos lugares públicos de Cee, pedindo a dimisión de Juan Hermida, tildando novamente de corrupto.
4. O pasado 20 de xaneiro, persoa ou persoas descoñecidas introducíronse no patio pechado da casa familiar de Juan Hermida, en Codesos, danando o interior dun vehículo da súa propiedade alí estacionado.
5. E, por último na noite do 27 o 28 de xaneiro pasado, persoa ou persoas descoñecidas volveron as inmediacións do domicilio familiar, dispararon cunha arma curta o can da familia, feríndoo, así como o seu vehículo, que recibiu catro impactos de bala, así como outros 3 o portal de peche do patio.

Todas estas ameazas, difamacións e danos, postos en coñecemento da autoridade competente e baixo investigación, teñen o único común obxectivo de que Juan Hermida abandone a súa actividade como representante polo partido Ciudadanos no Concello de Cee.

Por todo elo o Grupo Ciudadanos propón o Pleno do Concello de Cee a adopción do seguinte ACORDO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



O Pleno do Concello de Cee aproba como declaración institucional condenar as ameazas e difamacións vertidas contra o concelleiro de Ciudadanos Juan Ramón Hermida Fandiño e a súa repulsa as ameazas e violencia como mecanismo para influir na vida política municipal.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra Diaz Mejuto: el PP de Cee pues condenamos la violencia de cualquier tipo que sea cual sea su origen y sin paliativos de ninguna clase, es más condenamos todos y cada uno de los actos que el Sr Hermida acaba de relatar, acaba de decir que ha sufrido, nos parecen, son hechos gravísimos y de una magnitud que a nosotros se nos escapa a la lógica al sentido común, a toda razón y que de verdad que non lo damos comprendido, entonces, como bien dice la moción los hechos están judicializados y están bajo investigación y creo que esta es la forma correcta de proceder, por lo que debemos dejar actuar y trabajar a las autoridades competentes y sean ellas las que decidan el origen y motivación de unos hechos que son realmente muy graves, acabo diciendo que deseamos que nada de esto se vuelva a suceder y que resuelva en la mayor brevedad de tiempo posible.

Sr Vigo: en primer lugar decir que votamos a favor da urxencia porque é a unica forma que ten o concelleiro Sr Hermida de presentar esa moción, porque como se utiliza ese sistema hai que facelo así e queremos que teña esa posibilidade por eso votamos a favor da urxencia ainda que non pensamos que sexa un tema urxente, porque non son temas de ambito político ou debate político igual que non nos gusta que se s a política non nos gusta que se politize as cuestións de carácter xurídico e xudicial, hai uns feitos que nos evidentemente rexeitamos, con calquer acto violento, calquer acto vandálico contra calquera persoa sexa ou non representante político vamos condenalo sempre, e este tamén como non pode ser doutro xeito. Temos unha relación de feitos, unha carta cunha bala, despois uns pasquins que se poñen por diversos sitios da localidade un pouco surrealistas porque falan de corrupción é imposible que o Sr Hermida poda ter actividade corrupta cando non tivo oportunidade de corromperse porque non tivo poder para facelo, é imposible que a política en Cee teña esa mácula polo tanto non ten sentido. Despois hai unha serie de actos vandálicos nun vehículo da súa propiedade no e despois por último, aparece unha situación mais atípica ainda, unha balasera, expresión mexic ana porque parece mais propia de ciudad Juarez que do Concello de Cee, polo tanto que afecta a un vehículo, a fachada da casa, incluso mais grave, faille dano a un ser vivo, parece ser que fire un can e que non sei si era da casa ou de fora, que espero se recuperase dese incidente. Como entendemos que non entramos a debsate político a nosa posición si tuvesemos sentados no Salón de Plenos, sería levantarnos e non votar o punto, o que vamos facer e non votar o punto, que conste dalgún xeito que non podemos marchar da pantalla pois que nos levantamos da sesión para non votar este punto porque entendemos que é un tema politico que teña que votarse no Pleno de Cee.

Sr Domínguez Louro: eu min gustárame non ter que falar desto aquí porque creo que estes feitos nunca tiveron que ter sucedido e porque me custa falar disto porque bueno son cousas moi delicadas e ademais o Sr Hermida conozco de toda vida, o aprecio que teño por el me fastidia ter que falar disto, como trouxo a mocfón e hai que debatila , debatimola e listo, na moción hai algún erro, non? Non moi significativo pero un importante e fundamental falar del, porque no punto dous da moción fala de que os pasquins foron repartidos o 13 de decembro e foi o domingo 12 sobre as 15:30 horas da tarde, seino porque as 16:30 horas estaba o Sr Hermida fronte a estación eu co Sr Hermida de autobuses para que me asinara o da verbena de fin de ano xa falado noutros plenos, o feito de que estiveramos xuntos pois cando se repartiron os panfletos non evitou que o concelleiros chegase a sospeitar de nos e eso a min realmente fíxome, digamos non me fixo moita gracia, digo isto porque na comisión do mércores 15 sobre o Pos cando entrei pola porta o Sr concelleiro dixo algo como os que sexan xa se darán por aludidos e eu sentinme nomeado, na maneira, entendo que a situación dalquel momento non era cómoda pero ten que entender o Sr concelleiro que tampouco é comodo que se acuse de todo isto, o que se poda pensar doutras persoas que lle fan isto, o remate desa comisión, recordan e eu na



miña persoa e no meu nome propio e do BNG solidarizamonos co Sr Hermida e que estabamos a súa disposición para o que fixese falta, ademais así o recolle a acta: o Sr Domínguez Louro intervén e mostra a súa solidariedade con Juan polos ataques recibidos o Domingo, digo isto porque me parece importante, primeiro porque o BNG fai político e o leva demostrado neste pleno fai moitos anos e dende que estou eu que vai facer 8 está mais que demostrado non perde o tempo en outras cousas que non sexa política e algo moito mais importante como Vde relata no punto número 1 xa recibira en novembro unha carta con bala co cal eu non o sabía cando estaba Vde nesa comsión e mostrei a miña solidariedade, mostraría exactamente igual pero dóeme mais si acaso que despois de recibir esa bala de ter recibido ese feito terrible poidese nalgún momento sospeitar do BNG e dos meus compañeiros e da miña persoa, podo pasar o dos pasquíns porque o fin e o cabo sería anecdótico si non pasase mais pero si puido pensar que nos repartimos o pasquins despois de recibir a bala e desculpe a frase, para min é unha ofensa Sr Hermida, entendo a súa situación pero ten que entender Vde a dos demais, tras o relatado todo foi a peor por desgraza para Vde e a súa familia froito deso é o que relata a moción, as FCSE xa están traballando no asunto e medidas de cheo, chegados a este punto o BNG desexa, confía que as pesquisas van chegar a bo porto, e de que se vai a dar con quen ten a culpa e con quen ten que pagar por todo isto, e seguramente as causas e motivos van quedar moi claros e sobre todo que Vde o mais importante e a súa familia non sufran mais con esta situación porque é o que desexamos dende o BNG dende o corazón por iso creemos ser moi respetuosos con todo proceso, non queremos dicir nada que entorpeza as pesquisas, investigacións e como dixer o final, que sexa e pague quen teña que pagar, todo isto é moi grave, moi incomodo para Vde, supoño non, estou seguro, pero para os demais tampouco é cómodo, somos conscientes que estamos sendo focos de investigacións, seguramente nos teñan pinchadas as liñas e demais, sinceramente non me preocupa pero tampouco é moi placenteiro, todo por causas alleas a miña persoa que é o que mais medo da, Vde pide que mostremos a repulsa a ameazas e vilencia, e nos xa o fixemos e volvémoslo a facer, mostramos toda solidariedade e condenamos calquera tipo de violencia e ameza, xa llo dixemos e volvo a dicir, pero é que Vde recalca na prensa que todo ten que ver con tema político entón pidolle co corazón na man que o poña enriba da mesa con nome e apelidos porque nos está salpicando a todos, todos temos familias, fillos e fillas que poden escoitar o que non deben escoitar, polo tanto pidollo de corazón que o faga, entendo o seu nerviosismo, si cadra eu non estaría sentado neste pleno si me ameazan a familia e as fillas, faltaríame tempo para ir o concello de dimitir quizais sexa mais cobarde que Vde non sei, da igual, sinceramente, dp de todo o dito non podemos entrar neste xogo de declaracións, de mocións ambiguas como as que hai, porque está nun proceso todo o que pasou, aberto de investigación na xustiza e temos a esperanza e seguridade que vai rematar ben, para todo. Ademais o BNG para que quede claro, rechaza, condena todo tipo de violencia, todo tipo de ameazas, por certo, nos tamén fomos ameazados, non con isa gravidade pero fomos ameazados nos 8 anos que levo aquí e os 3 que levo el en varias ocasións, o BNG condena todo tipo de difamacións, fomos difamados nalgunha que outra ocasión, por iso pídolle despois de que xa os compañeiros da oposición que o fin e o cabo todos os que estamos na oposición fomos sinalados e todos mais ou menos intervimos da mesma maneira, pidolle que reitere a moción, que non a someta á votación porque non é necesaria, xa ten o apoio de todos os grupos da oposición o goberno non falou aínda, non é necesario votar unha moción tan ambigua porque nos acordos Vde fala de facer unha declaración institucional para condenar as ameazas e difamacións vertidas contra o concelleiro de Ciudadanos Juan Ramón Hermida Fandiño e a súa repulsa as ameazas e violencia como mecanismo para influir na vida política municipal, si votamos esto estamos dandolle a razón que esto é un tema para influir na política municipal e eu asegúrole que por parte do BNG non é, cando se solucione, estareino esperando para que me pida disculpas polo que está pasando, sinceramente, porque o BNG o meu compañeiro e eu, non temos porque estar sinalados por ninguén polo que a Vde lle está a pasar o sentimos pero é un tema alleo a nos, sería bo que retirase esta moción que non se votase e seguir para adiante, que esta sexa a primeira de moitas mocións traiga para debatir, polo tanto na súa man queda, si se vota, este grupo non vai votar a moción, que a Sra Secretaria o tome como sexa, si

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



significa unha abstención non temos problema que figure que se abtén mais creemola innecesaria pola súa ambigüedad, que se nos culpa por algo que non temos nada que ver.

Sra alcaldesa: Sr Hermida vou manifestarlle dende alcaldía e equipo de goberno, evidentemente como acaba relatar os feitos están baixo investigación xudicial, secreto sumario, para nos evidentemente a violencia e ameazas son intolerables como para todos, e condenamos como xa manifestamos nalgún medio de comunicación sen palitivos a maior repulsa contra os feitos sufridos por Juan Hermida sexan polo motivo que sexan e a súa familia, polo que dende o goberno a moción tería o seu voto a favor sexa o motivo que sexa, condenamos expresamente e sin ningún tipo de paliativo todo tipo de ameazas e todos os feitos que Vde e a sua familia que me consta o están pasando moi mal. Doulle a palabra e decide o que quer facer.

Sr Hermida Fandiño: en primeiro lugar pedir desculpas a alguén si se sentiu aludido, non fixen acusacións persoalmente a ninguén nin a grupos políticos solo expresei o que pon aquí si che tildan de corrupto, que dimitas, que deixes a política, loxicamente a alguén está pedindo algo, quen? Xa o dirán as autoridades, si eu o soubera ou fora o interesado automaticamente denunciaria, non sospeito de ninguén, como Vde dixo, que se sospeitara que Vde estaba a repartir os panfletos non acudiría a firma aquel día, de feito o falamos do que estaba pasando, si tivera algún motivo persoal non ten que ver ca política, que non o teño, xa o rexeitei por activa e por pasiva nos medios, principalmente a primeira carta coa bala as autoridades pedíronme silencio ata que os feitos se agravaron e faise público e sábese, pedir desculpas, non insinuei a ninguén a xente por aí pode falar o que queire, Vde o dixo ben claro si tivese feitos para denunciar alguén iría directamente, ogallá salga a luz dunha vez por todas e salga o caso liquidado e xustificado o que é, eu non podo dicir que é algo persoal cando teoricamente en todo, na carta, nos pasquíns nas pintadas che tildan de corrupto, dimites, a única dimisión que podo ser é de político de concelleiro noutra cousa de dimitir non teño, eu entendo que non vou culpar ninguén da corporación so faltaría e si hai terceiras persoas que queren involucrar o tema político no medio disto a xustiza e as autoridades o dirán, con respecto a moción está presentada e non a vou a retirar, sometémola a votación e listo.

